

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN OS REQUISITOS E O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO, MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento, modificación e extinción dos centros de información á muller”, emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude. Tamén establece o citado Decreto legislativo no artigo 5.2 que un dos criterios xerais de actuación da Xunta de Galicia para a aplicación do principio de transversalidade é o fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, entre os que menciona os suxeitos públicos de ámbito local.

2. Acerto e oportunidade

No período de tempo transcorrido dende a entrada en vigor do Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, os centros de información ás mulleres (en diante

CIM) reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestaron unha atención inestimable ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles. Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais sufridoras desa situación. Así os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta lacra social dende unha relación de proximidade e atención directa.

Os cambios na realidade social producidos durante a vixencia do anterior decreto, a experiencia da xestión cotiá dos procedementos de acreditación e desacreditación e as modificacións normativas operadas, fan aconsellables nuns casos, e esixen directamente noutros, a modificación dos requisitos para a acreditación dos CIM.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico o borrador da disposición acompañado dunha memoria explicativa e económica (artigos 41.2.a e 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Así mesmo e conforme co artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, dado que o proxecto afecta aos dereitos ou intereses lexítimos de determinados grupos, neste caso os Centros de atención ás mulleres (CIM), os concellos e mancomunidades de municipios e a FEGAMP, o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia destas así como do resto de Consellerías da Xunta de Galicia.

Consta no expediente o informe da Secretaría Xeral da Igualdade de 26 de maio de 2016 sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública. Recibíronse alegacións das seguintes entidades: CIM do Concello da Estrada, CIM do Concello da Guarda, CIM do Concello das Pontes, CIM do Concello de Arteixo, CIM do Concello de Baiona, CIM do Concello de Boiro, CIM do Concello de Bueu, CIM do Concello de Cangas, CIM do Concello de Carballo, CIM do Concello de Cee, CIM do Concello de Celanova, CIM do Concello de Coirós, CIM do Concello de Gondomar, CIM do Concello de moaña, CIM do Concello de Mondoñedo, CIM do Concello de Monforte de Lemos, CIM do Concello de Noia, CIM do Concello de Ortigueira, CIM do Concello de Ourense, CIM do Concello de Ponte Caldelas, CIM do Concello de Ribeira, CIM do Concello de Santiago de Compostela, CIM do Concello de Sarria, CIM do Concello de Teo, CIM do Concello de Vigo, CIM do Concello de Vilagarcía de Arousa, CIM do Concello de Vilalba, CIM do Concello de Viveiro, CIM do Concello de Zas, Concello da Guarda, Concello de Bueu, Concello de Cangas, Concello de Carballo, Concello de Gondomar, Concello de Noia, Concello de Outes, Concello de Pontevedra, Concello de Vilanova de Arousa, Concello de Vigo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, ao tratarse dun proxecto normativo dos referenciados no artigo 6 da lei 14/2013 de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a saber, as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, foi preciso solicitar o informe tecnolóxico e funcional emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso solicitar un informe sobre o seu impacto de xénero.

O 5 de marzo de 2016 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

O 6 de abril de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

Con data 8 de abril de 2016 emítese o informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.

Finalmente, o 8 de xullo de 2016 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado.

Dende a Secretaria Xeral da Igualdade, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese a seguinte documentación:

- Unha memoria sobre as observacións realizadas no informe da Asesoría Xurídica .
- Texto do proxecto de Decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a informe do Consello Consultivo de Galicia previa a súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja